



XUNTA DE GALICIA

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTENIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO.
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Anuncio

ANUNCIO do 7 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se somete ao trámite de información pública o documento do Plan de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2023-2030.

Unha vez elaborada a versión inicial do documento do Plan de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2023 2030 (PXRMG) e, de conformidade co establecido no art. 54.4 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, procedendo a consellería tramitadora á súa aprobación inicial por Resolución do 3 de agosto de 2023, antes de redactar a proposta definitiva do plan, sométese o documento ao trámite de información pública polo prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG. Neste tempo os interesados poden efectuar as alegacións que consideren oportunas.

O documento está a disposición dos interesados no seguinte enderezo da sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://transparencia.xunta.gal/participacion-plans-programas>

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2023.- A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, María Sagrario Pérez Castellanos.

R. 2825

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xullo de 2023 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó segundo trimestre do exercicio 2023.

O importe total do padrón ascende a quince mil douscentos vinte e cinco euros e sesenta e sete céntimos (15.225,67€), sendo o período voluntario de cobro **desde día 14 de agosto de 2023 ao 14 de outubro de 2023** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resumo do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 2º trimestre 2023.

NÚMERO DE PÁXINAS: 40

NÚMERO DE RECIBOS: 617

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: **Auga 11.056,70€; IVE: 1.105,67€; Canon Xunta Cota fixa: 1.414,41€; Canon Xunta Cota Variable: 1.648,89€.** Total importe padrón: 15.225,67€.

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interperse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 8 de agosto de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 2826

LUGO

Anuncio

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 30 de agosto de 2023, adoptou entre outros o acordo 11/652 delegar na Tenente de Alcaldesa delegada da Área de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos do expediente de contratación **DA SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E MANTENIMENTO DE DISPOSITIVOS DE ELECTRCFÓNICA DE REDE PARA O CONCELLO DE LUGO DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI MURAMIÑAE DA MURALLA AO MIÑO CÓDIGO DE PROXECTO: 16DUSI001 INCLUÍDO NO PROGRAMA OPERATIVO FEDER ORDE HAP/2427/2015, DE 13 DE NOVENBRO CON FINANCIAMENTO DO 80%. EXP. REF. 2023/C004/000020.**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 4 de setembro de 2023.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA, Mercedes Paula Lavarellos Fondo.

R. 2827

TABOADA

Anuncio

RELACIÓN DE APROBADOS

Concluído o procedemento para A PROVISIÓN EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE 6 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR POLO PROCEDUREMTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE TABOADA PARA O ANO 2022, PARA A ESTABILIZACION DE EMPREGO TEMPORAL PREVISTA NO ARTIGO 2 E DISPOSICIÓN ADICIONAL OITAVA DA LEI 20/2021, DE 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 14 de novembro de 2022 publicadas no BOP de Lugo nº 262 de data 16 de novembro de 2022.

Publícase para o seu xeral coñecemento a relación de aprobados por orde de puntuación, que é a seguinte:

	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
Primeira	CAMBA MEIJOME MARIA ANGELES	***0977**	73,25
Segunda	FERNANDEZ ULLOA NOELIA	***7266**	73,25
Terceira	OCHANDATEGUI AMIGO IRATXE	***5928**	71,43
Cuarta	LOPEZ SOBRADO MARIA LUZ	***7832**	67,75
Quinta	LAMELA CORDERO ANA MARIA	***5568**	66,51
Sexta	OTERO RAMOS SUSANA	***5367**	61,52
Sétima	FONSECA GUIMARES VANDELEIA	***0904**	60,10

Oitava	ALMUÍÑA GUERREIRO MARIA CRUZ	***5340**	55,88
Novena	NOGUEROL RUIBAL MANUELA	***1932**	55,07
Décima	MOTA MOTA PORFIRIA	***8375**	34,97
Décima Primeira	LOPEZ FERNANDEZ LAURA	***2220**	34,86

Atendendo á anterior lista, propónse o nomeamento a favor de:

	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL	CELGA 1
Primeira	CAMBA MEIJOME MARIA ANGELES	***0977**	73,25	Acreditado
Segunda	FERNANDEZ ULLOA NOELIA	***7266**	73,25	Acreditado
Terceira	OCHANDATEGUI AMIGO IRATXE	***5928**	71,43	Acreditado
Cuarta	LOPEZ SOBRADO MARIA LUZ	***7832**	67,75	APTO
Quinta	LAMELA CORDERO ANA MARIA	***5568**	66,51	Acreditado
Sexta	OTERO RAMOS SUSANA	***5367**	61,52	Acreditado

A aspirante proposta deberá acreditar ante este Concello, no prazo de vinte días desde a publicación do presente anuncio os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria

Taboada, 30 de agosto de 2023.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 2823

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 1 de setembro de 2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei

58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 1 de setembro do 2023.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2828

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/08466/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: D. Esteban Fernández Gómez

Nombre del río o corriente: Manantial Raindo de Arriba

Punto localización: Lugar de Camilo, parroquia de Bolmente

Término municipal y provincia: Sober, Lugo

Caudal concedido: 0,36 l/s

Destino: Uso doméstico y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 19 de octubre de 1999

Registro de Aguas: Nº inscripción 8878, Sección A, en el Tomo 0089, hoja número 078

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Sober** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 18 de agosto de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2829